



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA




# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Abril 2023

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 0,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 14,8 puntos á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 0,8%, 8,9 puntos menos que no mes anterior.
- En trece comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de abril.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,1% e en España un 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de abril agás en Cantabria.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 0,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 14,8 puntos á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 0,8%, 8,9 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 2,2%, suma 0,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 4,3% e restan 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 2,2% e nos *Outros servizos* aumenta o 7,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 1,4%, co que achega 0,3 puntos a taxa de variación do índice xeral, o *Comercio ao retalho* cun incremento do 4,5% achega tamén 0,3 puntos e a *Venta e reparación de vehículos de motor* achega 0,1 puntos, cunha taxa do 3,6%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 8,0% mentres que o *Comercio ao retalho* aumenta o 8,8% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 10,4%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 4,3%. Esta caída débese ao *Transporte*, que reduce a súa facturación un 13,2%. Os outros sectores rexistran taxas positivas, acadando o maior crecemento a *Hostalería* (20,0%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 7,0%. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás o *Transporte* (-0,2%). O maior crecemento acádase nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (12,4%).

Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 10,0% en Galicia, máis que en España (7,6%). Os maiores incrementos en Galicia rexístranse no *Comercio por xunto* (12,1%) e na *Hostalería* (18,3%). En España *Venta e reparación de vehículos de motor e Hostalería* mostran as taxas máis altas, 20,9% e 17,3% respectivamente.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,0% no mes de abril.


Todos os sectores rexistran taxas positivas agás Transporte (-3,8%) e Actividades profesionais, científicas e técnicas (-2,6%); o maior incremento preséntase na *Hostalería* (19,1%) .

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 2,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de abril aumenta a cifra de negocios en trece comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Illes Balears (15,8%) e Murcia (6,2%). Os maiores descensos rexístranse en Navarra (-3,8%) e Madrid (-2,9%).

No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (20,6%) e Canarias (14,3%) e as taxas máis baixas prodúcense en Madrid (3,7%) e Extremadura (5,4%).

### Índices de cifra de negocios. Abril 2023

Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,1% respecto ao mes de abril de 2022, un punto menos que en España (2,1%).

O persoal ocupado crece un 1,5% no *Comercio* e un 0,7% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,3%), *Comercio por xunto* (2,4%) e *Información e comunicación* (1,7%). As actividades con redución de emprego son *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,5%), *Transporte* (-0,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,4%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,6%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (4,7%), *Hostalería* (3,6%) e *Transporte* (3,3%).



No acumulado de ano, o emprego aumenta un 1,0% en Galicia, un punto menos que no conxunto do Estado (2,0%).


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de abril agás en Cantabria (-0,8%). As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (7,3%) e Canarias (3,9%).

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (6,3%) e Canarias (4,0%). Dúas comunidades perden persoal ocupado, Aragón (-0,3%) e Cantabria (-0,7%).

## Índices de persoal ocupado. Abril 2023

Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	163,7	0,2	10,0
Comercio	156,9	2,2	11,2
Venta e reparación de vehículos de motor	111,3	3,6	9,9
Comercio por xunto	174,6	1,4	12,1
Comercio ao retalho	123,4	4,5	8,2
Outros servizos	183,1	-4,3	6,8
Transporte	255,6	-13,2	5,8
Hostalería	129,3	20,0	18,3
Información e comunicacións	126,2	5,1	0,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	151,7	5,2	5,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	127,6	11,0	11,6
<b>España</b>			
Xeral	139,1	0,8	7,6
Comercio	141,0	-2,2	6,2
Venta e reparación de vehículos de motor	133,4	10,4	20,9
Comercio por xunto	149,0	-8,0	2,2
Comercio ao retalho	127,7	8,8	11,7
Outros servizos	135,6	7,0	10,4
Transporte	139,7	-0,2	7,4
Hostalería	126,5	10,7	17,3
Información e comunicacións	123,5	7,8	6,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	152,9	10,9	11,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	131,8	12,4	14,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	151,9	5,0	9,9
Comercio	145,4	3,1	10,5
Transporte	203,8	-3,8	9,6
Hostalería	135,3	19,1	17,9
Información e comunicacións	132,3	6,2	1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	147,3	-2,6	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	133,0	8,4	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE



Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Abril 2023

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	139,1	0,8	7,6
Andalucía	141,0	3,0	10,7
Aragón	135,4	2,0	8,3
Asturias	138,5	4,7	12,2
Baleares, Illes	133,7	15,8	20,6
Canarias	127,0	3,2	14,3
Cantabria	148,1	3,0	8,7
Castilla y León	127,4	-2,2	7,3
Castilla-La Mancha	140,7	1,9	8,6
Cataluña	134,6	3,1	8,7
Comunitat Valenciana	140,3	0,7	6,0
Extremadura	141,5	1,6	5,4
GALICIA	163,7	0,2	10,0
Madrid	141,3	-2,9	3,7
Murcia	139,1	6,2	9,5
Navarra	148,2	-3,8	7,8
País Vasco	132,9	-1,1	7,1
Rioja, La	147,3	2,0	6,8

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	108,1	1,1	1,0
Comercio	110,3	1,5	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	94,7	-1,5	-2,5
Comercio por xunto	124,0	2,4	2,4
Comercio ao retalho	105,5	1,4	1,4
Outros servizos	106,4	0,7	0,7
Transporte	99,3	-0,4	-1,1
Hostalería	97,2	0,4	2,4
Información e comunicacións	118,1	1,7	2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,9	3,3	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,2	-0,4	-2,1
<b>España</b>			
Xeral	110,9	2,1	2,0
Comercio	107,7	1,5	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	105,9	1,2	1,3
Comercio por xunto	112,1	1,1	1,4
Comercio ao retalho	105,2	1,8	1,4
Outros servizos	112,9	2,4	2,3
Transporte	112,8	3,3	3,2
Hostalería	107,5	3,6	3,6
Información e comunicacións	122,7	4,7	4,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,8	2,9	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,7	-0,6	-0,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Abril 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,9	2,1	2,0
Andalucía	109,4	1,6	1,8
Aragón	107,6	0,6	-0,3
Asturias	106,8	1,3	1,2
Baleares, Illes	119,5	7,3	6,3
Canarias	108,2	3,9	4,0
Cantabria	105,8	-0,8	-0,7
Castilla y León	102,9	0,6	0,4
Castilla-La Mancha	111,6	2,4	2,1
Cataluña	113,2	1,6	1,9
Comunitat Valenciana	109,9	1,0	0,6
Extremadura	109,2	2,0	1,9
GALICIA	108,1	1,1	1,0
Madrid	113,2	3,2	3,2
Murcia	117,4	2,4	1,4
Navarra	109,5	1,2	1,0
País Vasco	106,7	1,4	1,6
Rioja, La	108,3	1,2	0,6

Fonte:INE